

# AS DESAGRADECIDAS (3): ¿QUE FAGO NO MUNDO EN QUE ME PERDÍN?

## GASPAR HAUSER CANTA

–Orfo e soio, cheguei un día  
a mirala cidá i-a sua xente;  
como riqueza soamente  
os meus ollos abertos traguía.  
Ninguén me creou intelixente.

Ós vinte anos, misteriosas,  
milleiros de voces voluptuosas  
dixéronme, –era lume o verán–  
que eran as mulleres fermosas.  
Pro ningunha me quixo por galán.

Anque sin rei, patria nin terra,  
paladín sin selo, probei sorte,  
–pasando por heroi e forte–,  
e quixen morrer en leda guerra.  
E naquela colleita non me segou a morte.

¿Nacín axiña ou tarde nacín?  
¡Equivoquei o tempo, trabuquei o lugar?  
¿Qué fago no mundo en que me perdín?  
¡Escoitádeme chorar por min!  
¡Rezade todos polo pobre Gaspar!

*Poema de Paul Verlaine publicado  
en 1881 no libro Sagesse.*

*Tradución ao galego de Álvaro Cunqueiro  
recollida en GONZÁLEZ GÓMEZ, X. (1990)*

*Álvaro Cunqueiro, traductor.  
Fundación Caixa Galicia, A Coruña*

## O Enigma de Kaspar Hauser

A película de Herzog está baseada na historia real de Kaspar Hauser, un adolescente que apareceu na cidade de Nüremberg no primeiro terzo do século XIX, sen orixe coñecida e que apenas balbucía algunhas verbas. Apoiándose neste feito Herzog constrúe unha película que empregando os elementos dunha película de formación, é dicir unha historia na que o personaxe principal debe chegar a formar parte da sociedade que o acolle e asumir os mesmos valores e crenzas; mais o que propón o director, desviándose desa estrutura tradicional é mostrar como funcionan estes dispositivos de uniformización.

Kaspar é unha anomalía e polo tanto supón un problema; é un elemento disfuncional que se ten que volver útil, proveitoso para a comunidade. O procedemento empregado para a socialización de Kaspar é o ensino. A diferenza doutras películas con temática semellante (Vésase *A infancia Salvaxe* de Truffaut), nesta incidese no amestramento que implica a institución educativa. A formación non consiste tanto na autonomía do suxeito como na asunción dunha serie de prexuízos que permiten conformarse coma cidadán de pleno dereito dunha sociedade. A inadaptación é penada dende a difamación até a morte.

O proceso de formación implica entón que é necesario conquistar unha identidade, pero só dentro das posibles que unha sociedade ofrece, xa que identidade non só indica unha forma de actuación senón que cancela calquera outra das posibles designándoas como animais, inhumanas, etc.

A negación de formar parte ou de acollerse as identidades é o fracaso. Fracasados son todos aqueles personaxes, que como na obra de Herzog se esforzan en conquistar o inútil. Calquera tentativa de crítica está, por tanto, condenada o fracaso; máis esta negativa é a que permite oporse o paso triunfal dos vencedores na que a tradición se converte en dogma, e que só é unha posibilidade que devén real pola forza. As negativas de Kaspar, expresadas coas poucas palabras que foi quen de arrebatar, mostran a barbarie dun mundo dirixido sen estrépito até a súa propia catástrofe.

Sobre o pasado de Kaspar só podemos facer conxecturas. Jakob Wasserman conta na súa novela que “ninguén sabía de onde viña” e que nin el mesmo, ao faltarlle o dominio da linguaxe, era que de contar nada ao respecto<sup>1</sup>. A súa presenza áspera e indefensa, non obstante, é unha provocación viva de xenreira social. Sospéitase que esa criatura sen palabras, até o momento afastada de calquera aprendizaxe, posúe algún segredo, se é que non se atopa directamente nun estado de felicidade paradisiaca. E isto, aclara Nietzsche, sempre tan agudo ao tratar este tipo de temas, “é duro para calquera home [...] Pregúntalle [este] ao animal: por que non me falas da túa felicidade e deixas xa de mirarme? O animal quérelle responder: pois porque esquezo inmediatamente todo o que quero dicir, pero entón tamén esquece esta resposta e cala”<sup>2</sup>. E o mesmo acontece con Kaspar e os seus apuntadores. Envéxanlle a vida en branco que el representa, a súa capacidade – outra vez Nietzsche – de sentir absolutamente e “fóra da Historia”<sup>3</sup>. Esta facultade especial é ao mesmo tempo o motivo do alleo que resulta Kaspar. Hofmannsthal vencella conxecturas similares ao seu concepto de preexistencia, un estado de insensibilidade á dor máis alá do trauma en que unha felicidade case imperceptible, a simple existencia pura e núa, se mantén de forma ininterrompida. Tamén a novela de Wassermann tenta soste este estado como algo radicalmente distinto á depravación do cativerio. “Non sentía”, di Wassermann de Hauser, “ningunha transformación do seu corpo, non quería que nada fose outra cousa ca o que xa era”<sup>4</sup>. A imperturbable vida de Kaspar explícase na metáfora do “cabaliño branco de madeira [...] no que se reflectía escuramente a súa propia existencia [...]. Non xogaba con el, nin tan sequera intercambiaba con el un murmurio silencioso e, aínda que estaba sobre unha táboa con rodas, nunca se lle ocorreu arrastralo dun sitio ao outro”<sup>5</sup>. Dunha existencia estática e sen memoria na que se adquire, por así dicilo, a arte “de sentir podreecer a madeira desde unha distancia remota”<sup>6</sup> ou “diferenciar as cores na escuridade absoluta”<sup>7</sup>, Kaspar é abandonado na luz do escenario,

nunha transición desconcertante e dolorosa cara a un contexto absolutamente novo do punto de vista cualitativo, no cal se perde a “harmonía orixinariamente preestablecida”<sup>8</sup> e no cal os recursos internos se revelan como deficitarios. A antropoloxía supón que o abandono nunha situación desarborada, na que a fuxida cara a arriba é xa imposible, levou á invención do mito. O mono de Kafka, raptado para a sociedade humana, consigna relacións moi parecidas no seu “Informe para unha Academia.” A inexistencia dunha vía de escape obríga a se converter tamén el nun home, el, que “¡Tivera tantas saídas ata daquela [...]!”<sup>9</sup> Así que a Kaspar, o salvaxe, tampouco lle queda máis posibilidade ca desenvolverse. Mais neste caso, coma tamén no de Peter o Rubio, non é preciso inventar o mitoloxema: xa llo dan os apuntadores profesionais. As súas voces incorpóreas pouco teñen que ver coa pedagogía optimista que desde o século XVIII en diante esperaría que Kaspar Hauser se convertese por si mesmo nun home liberado e exento de culpas, nun milagre natural. Se eses experimentos xa estaban bastante cargados de idealismo naif, os actos que rodearon a Kaspar son tan só unha ilusión de liberación en forma de readaptación absoluta ás circunstancias. Constrúese o Eu até que finalmente, como describe Hofmannsthal, se transforma noutra identidade “como un can, mudo e alleo até o desacougo”<sup>10</sup>

*Fragmento de “O alleo, integración e crise”,  
de W. G. Sebald, incluído en Camposanto.  
Galaxia, Vigo, 2007; pp 62-64.  
Tradución de Catuxa López Pato*

1) Jakob Wasserman, *Caspar Hauser*, Frankfurt, 1968, p 5

2) Friedrich Nietzsche, *Unzeitgemasse Betrachtungen*, Stuttgart, 1964, p. 101.

3) *Ibidem*, p. 109.

4) *Caspar Hauser*, p. 20

5) *Ibidem*.

6) Cf. Kaspar, p. 99.

7) *Caspar Hauser*, p. 20

8) Rudolf Bliz, *Studien über Angst Schmerz – Paläoanthropologie*, vol. I/2, Frankfurt, 1974, p. 258.

9) Franz Kafka, *Erzählungel*, Frankfurt, 1961, p. 158. Existe edición galega: *Un médico de aldea (Narracións completas I)*, p. 220. Editorial Galaxia, Vigo, 2004.

10) Hugo von Hofmannsthal, *Terzinen – Über die Vergänglichkeit*, Frankfurt, 1957, p.16

## ■ AS DESAGRADECIDAS. PROGRAMA COMPLETO:

### Mércores 2 de novembro | 21:30 h

*Sen teito nin lei (Sans toit ni loi*,  
Agnès Varda, Francia, 1985, 105', VOSG)  
+ *En rachâchant* (Danièle Huillet e Jean-Marie Straub,  
1982, 7', VOSG)

### Mércores 9 de novembro | 21:30 h

*Boudu salvado das augas (Boudu sauvé des eaux*,  
Jean Renoir, Francia, 1932, 85', VOSG)

### Mércores 16 de novembro | 21:30 h

*Cada un para si propio e Deus contra todos*  
[O enigma de Kaspar Hauser] (*Jeder für sich und Gott*  
*gegen alle*, Werner Herzog, RFA, 1974, 110', VOSG)  
Presenta: Proxecto Derriba

### Mércores 23 de novembro | 21:30 h

*O vídeo de Benny (Benny's Video*, Michael Haneke,  
Austria-Suíza, 1992, 105', VOSG)

### Mércores 30 de novembro | 21:30 h

*A cerimonia (La cérémonie*, Claude Chabrol,  
Francia-Alemaña, 1995, 112', VOSG)

## ■ PROXECCIONS

### Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)  
cineclubedecompostela@gmail.com  
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

## ■ ASOCIACIÓN

### O Cineclub de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para manter o noso funcionamento, propoñemos unha aportación económica persoal:  
Cota mensual traballadores/as: 5 e.  
Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e.  
Socios/as protectores/as: 75 e./ano